Dryopteris dilatata (Hoffm.) A.Gray, 1848

- fento macho grande
- helecho macho grande
- iratze zabala
- falguera ampla
- broad buckler fern
- feto largo



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Pteridophyta	**Pteridopsida**	**Dryopteridales**	**Dryopteridaceae**	***Dryopteris***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Fento perenne que ronda o metro de altura. Raíces fibrosas que parten dun rizoma robusto. Rizoma subterráneo ou lixeiramente emerxente. Talo curto, groso, ascendente ou erecto e cuberto de escamas pardo-escuras. Follas triangulares, tripinnadas e moi divididas, de cor verde escura algo brillante. Pecíolo con escamas escuras. Esporas dispostas en soros redondeados, cubertos por un indusio reniforme e situados na face inferior das frondes.

HÁBITAT

Bosques caducifolios e mixtos, sotobosque, noiros e marxes de camiños forestais. Prefire solos lixeiramente ácidos e ricos en materia orgánica e ambientes frescos e húmidos.

DISTRIBUCIÓN

Nativa de Europa, aparece tamén en partes de Asia occidental.

CURIOSIDADES

Coloniza facilmente zonas alteradas sempre que haxa sombra e humidade.